



Información- FONDOLIBROS E AXUDAS DE MATERIAL ESCOLAR Cursos 3º,4º,5º e 6º de E.P.

Estimadas familias:

No **DIARIO OFICIAL DE GALICIA** do xoves 18 de maio de 2022 Orde do 29 de abril de 2022 pola que se regula a participación no fondo solidario de libros de texto e se convocan axudas para adquirir libros de texto e material escolar destinadas ao alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obrigatoria e educación especial en centros docentes sostidos con fondos públicos para o curso escolar 2022/23 *para os alumnos matriculados en 3º,4º,5º ou 6º de educación primaria no curso escolar 2022-23*

Os requisitos para poder solicitar esta axuda son os seguintes :

- Estar matriculado en 1º e 2º de Educación Primaria durante o curso 2022-23
- Ter unha renda per cápita familiar igual ou inferior a 10.000 € no importe sobre a renda do ano 2020.
- A renda da unidade familiar será o resultado de sumar as rendas de cada un dos membros

computables da familia que obteñan ingresos de calquera natureza.Cando se presentase declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas no exercicio fiscal 2020, sumaranse a base impositiva xeral (recadro 435) e a base impositiva do aforro (recadro 460); cando non se presentase, teranse en conta os ingresos de acordo cos datos tributarios facilitados pola Axencia Estatal de Administración Tributaria

Cuantía das axudas

- Para o alumnado de 1º e 2º de EP:
 - 1º. Renda per cápita familiar igual ou inferior a 6.000 €: 210 €.
 - 2º. Renda per cápita familiar superior a 6.000 € e igual ou inferior a 10.000 €: 140 €.
- Para o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, a que se refire a disposición adicional segunda desta orde:
 - Alumnado de 3º, 4º, 5º e 6º de EP:
 - 1º. Renda per cápita familiar igual ou inferior a 6.000 €: 210 €.
 - 2º. Renda per cápita familiar superior a 6.000 € e igual ou inferior a 10.000 €: 140 €.

Lugar e prazo de presentación de solicitudes :

- As solicitudes, según o anexo I a esta orde, enviámolas a través dos nenos-as a cada familia.
- Poden cubrirse directamente na Sede Electronica da Xunta de Galicia, **NESTE CASO SERÁ UNHA SOLICITUDE POR ALUMNO, NO FORMULARIO NORMALIZADO (ANEXO I),na aplicación informática FONDOLIBROS, (<https://www.edu.xunta.es/fondolibros/>), A TRAVÉS DE CHAVE 365,DNI ELECTRÓNICO ou CERTIFICADO DIXITAL**
- Se a solicitude se entrega no CEIP, **PARA OS IRMÁNS ESCOLARIZADOS NO MESMO CENTRO CÚBRESE UNHA ÚNICA SOLICITUDE.**
- **SE PRESENTADES AS SOLICITUDES NO CENTRO EDUCATIVO, facédeo antes do día 22 de xuño de 2022.Se presentades na SEDE ELECTRÓNICA DA XUNTA, o prazo será ata o 22 de xuño incluído.**
- **Para as familias que decidan presentar as solicitudes no colexio, PODEDES ENVIAR A SOLICITUDE CUBERTA E ASINADA, MAILA DOCUMENTACIÓN NECESARIA, POLOS NENOS-AS. SE PREFERIDES ENTREGALR VÓS TODO, CONTACTADE COA DIRECTORA A TRAVÉS DO TELÉFONO DO CEIP PARA DESIGNAR DÍA E HORA NO QUE PODEDES ACHEGAR TODO ANTES DO 22 DE XUÑO.**

Documentación Xunto coa solicitude (ANEXO I), presentarase a seguinte documentación :

- Anexo II (comprobación de datos dos membros computables da unidade familiar).**
- Copia do libro de familia ou documento equivalente, onde figure o alumno e os demais membros computables da unidade familiar. En caso de separación ou divorcio, ademais deberán achegar a sentenza xudicial e/ou convenio regulador onde conste a atribución da custodia do/da menor.**

Excepcionalmente (cando non sexa posible facelo polos medios anteriores), poderase acreditar o número de membros computables utilizando algún dos seguintes medios:

1º. Certificado ou volante de convivencia.

2º. Informe dos servizos sociais ou do órgano equivalente do concello onde resida a familia.

Nos casos especiais, en que a composición da unidade familiar non se axuste ao sinalado no artigo 4.1 desta orde, achegarase un certificado ou volante de convivencia en que deberán figurar o/a alumno/a e todos os familiares que convivan con el/ela, ou un certificado dos servizos sociais do concello que acredite a situación familiar.

c) Certificado de discapacidade do/da alumno/a ou calquera membro da familia non expedido pola Administración autonómica.

d) Documentación xustificativa da situación de violencia de xénero no ámbito familiar, en calquera das formas que enumera o artigo 5 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, cando o agresor forme parte da unidade familiar.

e) Resolución xudicial de incapacitación con patria potestade prorrogada ou rehabilitada.

f) Resolución administrativa ou xudicial acreditativa da situación de acollemento ou do certificado do centro de menores, para o alumnado en situación de tutela ou garda da Xunta de Galicia.

g) Certificado de convivencia, volante de convivencia ou informe dos servizos sociais ou do órgano equivalente do concello onde resida a familia, no caso de que o pai e a nai ou o titor o titores carezan de DNI e NIE.

AXUDA PARA MATERIAL ESCOLAR (50 euros)

Destinado a alumnado matriculado en EP con renda per cápita familiar igual ou inferior a 6.000 €